

2024/2025

PEC [Proxecto Educativo de Centro]

ESMUMA

Centro de Música, Creatividade e Divulgación

CONCELLO DE BRIÓN

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Características do Concello de Brión.
3. Características do Centro.
 - a. Infraestrutura.
 - b. Persoal docente.
 - c. Persoal non docente.
 - d. Alumnado
 - e. Organización das ensinanzas.
4. Principios orientadores da acción educativa.
 - a. Principios xerais.
 - b. Principios pedagóxicos.
 - c. Valores.
5. Organización do centro.
 - a. Órganos de goberno do centro.
 - b. Órganos de coordinación do centro.
6. Actividades complementarias e extraescolares.
7. Relacións externas e institucionais.

1. INTRODUCCIÓN

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación- botou a andar no curso 2003/2004 cun proxecto educativo propio e con plena liberdade pedagóxica atendendo o marco lexislativo da Orde do 11 de marzo de 1993 que atribúe a este tipo de centros dita liberdade. Dende o 2010/2011 o centro accedeu ó rexistro na Consellería de Educación co que obtivo a súa oficialidade e polo tanto unha avaliación do traballo feito ata o momento.

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, dedicou estes primeiros anos de vida principalmente a difundir a súa actividade entre a poboación de Brión, á vez que a de sentar as bases para a realización dun *proxecto innovador*, achegado os cidadáns e con carácter práctico co obxectivo de converterse nun futuro inmediato nun punto de referencia na comarca de Santiago como catalizador do capital social e creativo no ámbito da formación musical.

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, é o único centro público de ensinanzas musicais non profesionais do concello. Ademais, no concello non existe ningún centro privado de ensinanzas musicais.

O obxectivo polo tanto, é achegar a tódolos veciños e veciñas de Brión a música sen ningún tipo circunscrición por coñecementos previos, idade, sexo, etc.

2. CARACTERÍSTICAS DO CONCELLO DE BRIÓN

O municipio de Brión cae cara o oeste de Santiago, camiño do mar. Atravésao a estrada C-543 de Santiago a Noia: 13 km sepáranos da capital galega e 23 desta vila mariñeira. Paralela a esta estrada entrou en servizo a autovía AG-56 - Santiago-Brión-, que continuará a Noia como vía de alta capacidade. Pasa tamén polo seu territorio a estrada de Bertamiráns a Muxía e conecta esta última coa N-550 por medio da LC-300 de Barreiros a Picaraña.

As súas 106 aldeas, repartidas en 9 parroquias, con 3 entidades de poboación divididas en 33 rúas están intercomunicadas por unha rede de pistas asfaltadas que suma máis de 300 km., na que o visitante se pode guiar perfectamente grazas a unha ben estruturada sinalización.


Na nova división comarcal de Galicia, Brión quedou integrado na comarca de Santiago. Desde o punto de vista xeográfico, Brión está dividido en dúas zonas:

- A primeira, máis próxima a Santiago, formando o val da Amaía, regado polo evocador río Sar.

- A segunda, na vertente do Tambre, demárcao polo norte formando o encoro Barrié de la Maza.

Ten por veciños a sete municipios: Ames, Negreira, Serra de Outes, Noia, Lousame, Rois e Teo e conta con 75 quilómetros cadrados e unha poboación de 8.069 habitantes, que está en progresivo aumento grazas á atracción que exerce a súa proximidade a Santiago, á fermosura das paisaxes e ó esmero na ordenación urbanística.

A Amaía goza dun microclima ostensiblemente benigno: temperaturas moderadas e considerable proporción de días despexados. O relevo é lixeiramente ondulado, con alturas máximas nos montes que demarcan o termo municipal polo sur: Santa Cecía en Bastavales e Pedra do Coro en Cornanda, que serven de miradoiros respectivamente ás rías de Arousa e Noia. A altitude vai dos escasos 30 metros na ribeira do río Sar ata pouco máis de 525 nos picos meridionais.



Parroquia de Santa María dos Ánxeles

ALDEAS: Adoufe, Alqueidón, Buio, Cabanas, O Cabo, Estrar, Gontade, Gosende, Guisande, Guitiande, Gundín, Lago, O Outeiro, Pérros, Piñeiro, O Rial, Sanín, Soigrex, Souto, O Tremo, Vilanova.

NÚMERO DE HABITANTES: 3.575 habitantes.

EXTENSIÓN: 7,5 km²

Parroquia de San Xulián de Bastavales

ALDEAS: Babenzo, Baliño, Bastavaliños, Beca, Bemil, Casaldoeiro, Caxusa, Coruxido, Chave de Carballo, Chave de Ponte, Fontao, A Igrexa, Osebe, O Outeiro, Reboredo Grande, Romarís, Rubial, Sabaxáns, Saíme, Soigrex, A Telleira, Vidaloiso, Vilas, Xinzo.

NÚMERO DE HABITANTES: 1.359 habitantes.

EXTENSIÓN: 14,4 km²

Parroquia de San Salvador de Bastavales

ALDEAS: Cirro, Gándara, Reboredo Pequeno, San Salvador, Soutullos.

NÚMERO DE HABITANTES: 247 habitantes (o 35% viven en Soutullos)

EXTENSIÓN: 2,2 km²

Parroquia de San Fins de Brión

ALDEAS: Aguiar, Boaventura, Boimil, Brans de Abaixo, Brans de Arriba, Brión de Abaixo, Brión de Arriba, Cabreiros, O Casal, O Enxo, Gronzo, Guldrís, A Igrexa, Lamiño, Liñares, Pedrouzos, Quintáns, O Rial, Riazos, A Torre, Trasouteiro.

NÚMERO DE HABITANTES: 1.293 habitantes.

EXTENSIÓN: 8,7 km²

Parroquia de San Miguel de Boullón

ALDEAS: Cantelar, Tembra, A Igrexa.

NÚMERO DE HABITANTES: 217 habitantes.

EXTENSIÓN: 3,5 km²

Parroquia de Santa María de Cornanda

ALDEAS: Alfonsín, Busto de Frades, Cornanda, A Graña, Vilariño.

NÚMERO DE HABITANTES: 230 habitantes.

EXTENSIÓN: 9,8 km²

Parroquia de San Xulián de Luaña

ALDEAS: Amañecida, Ardións, Cristimil, Espiñeiros, Goiáns, A Igrexa, Mato, Moldes, Nináns, A Pedreira, Tourís, Vexo, Vioxo de Abaixo, Vioxo de Arriba.

NÚMERO DE HABITANTES: 470 habitantes.

EXTENSIÓN: 11,6 km²

Parroquia de Santa María de Ons

ALDEAS: Fonteparedes, A Igrexa, Pazos, Ons, Salaño Grande, Salaño Pequeno.

NÚMERO DE HABITANTES: 283 habitantes.

EXTENSIÓN: 6,4 km²

Parroquia de Santa María de Viceso

ALDEAS: Esparís, Forxán, A Igrexa, Ombre, Mourentáns, Pousada, Vilar.

NÚMERO DE HABITANTES: 386 habitantes.

EXTENSIÓN: 10,6 km²

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Infraestrutura

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, conta para este curso 2024/2025 cunha infraestrutura sita na avenida de Santa Minia nº 70 na parroquia de Brión. Deste xeito, suple as necesidades que un centro de formación musical necesita para levar a cabo a súa actividade.

O centro contará con dúas andares distribuídas da seguinte forma e cunha superficie útil total de 350 m²:

- Primeiro andar
 - 3 aulas instrumentais.
 - Administración xeral e dirección.
 - Arquivo.
 - Sala da caldeira.
 - Almacén.
 - Servizos.

- Segundo andar
 - 2 aulas colectivas.
 - 1 aula instrumental.
 - Servizos.

Persoal docente

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, conta para o curso 2024/2025 cun claustro de 10 profesores. Todo o profesorado coñece practicamente dende o seu principio o funcionamento da Escola o que lle confire un valor engadido ao proxecto educativo. As especialidades que imparten estes profesores son disciplinas tanto instrumentais como colectivas.

Persoal non docente

O persoal non docente que dispón o centro no curso 2024/2025 e o seguinte:

- Persoal da limpeza integrado no cadro de persoal do Concello de Brión.

Alumnado

O alumnado da **ESMUMA** -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, vai dende o rango de idade dende os tres anos en diante e sen límite de idade. Deste xeito, a Escola intenta na medida que pode, achegar a música a tódolos segmentos de idade do Concello de Brión.

ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, ten unha media de 170 alumnos dos cales unha parte deles cursan o Nivel I e a outra gran maioría cursa o Nivel II. As idades dos alumnos oscilan entre os 4 e os 16 anos, e a maioría simultánea os estudos de música coa ensino en réxime xeral. Hai que engadir que tamén existe unha porcentaxe alta de adultos matriculados no centro.

A procedencia dos nosos alumnos é moi homoxénea xa que está circunscrita ó entorno do Concello de Brión. Os alumnos practicamente permanecen e realizan a súa estadía no centro ata o Nivel III sen optar a unha formación regrada nos conservatorios oficiais.

Por outra parte, cabe destacar o excelente comportamento do alumnado. A maioría non ten problemas para superar os estudos obrigatorios en réxime xeral, o cal é un bo indicador da súa capacidade de traballo que se reflectirá co seu compromiso co estudo.

Plan Educativo de Ensinanzas Musicais [PEEM]

O centro para atender a tódolos sectores de poboación do Concello de Brión ten deseñado o Plan de Ensinanzas Musicais que atende o alumnado segundo a súa idade e os seus coñecementos:

- Plan Educativo Xeral (PEX). Para alumnos que ingresan no centro a partir no dos 3 anos de idade en diante.
- Plan Educativo Adultos (PEA). Para alumnos que ingresan no centro a partir dos 16 anos en diante.

Ademais destas dúas vertentes do Plan Pedagóxico a Escola conta con outras opcións paralelas que buscan a flexibilidade do alumnado co fin de conseguir a súa integración segundo a idade e os seus coñecementos. Estas opcións son:

- Cursos de Acceso. Destinado á alumnos maiores de 9 anos no PEX e alumnos de 16 anos no PEA.
- Cursos de Reforzamento. Destinado para os alumnos que queren acceder ó sistema regrado dos conservatorios. Comezan no Nivel II curso 4º do PEX.
- Cursos de Mantemento. Son cursos destinados para os alumnos que remataron os tres niveis do Plan Educativo da Escola e desexen continuar o seu perfeccionamento.

Segundo a especialidade instrumental escollida o Plan Educativo de Ensinanzas Musicais recolle tres itinerarios académicos:

1. Itinerario Clásico.
2. Itinerario Moderno.
3. Itinerario Tradicional e Folk.

A oferta educativa para do centro para o curso 2024/2025 ten as seguintes especialidades:

ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL E FOLK
Música e Movemento Piano Trompeta/Fliscorno Tuba/Bombardino Trombón Trompa Guitarra Clarinete Saxofón Fruta Traveseira Canto Percusión Contrabaixo	Música e Movemento Piano Trompeta Saxofón Canto Batería Guitarra Contrabaixo Baixo Eléctrico	Música e Movemento Gaita Canto Percusión Saxofón Requinta

No apartado de disciplinas colectivas a oferta do centro é a seguinte:

ITINERARIO CLÁSICO	ITINERARIO MODERNO	ITINERARIO TRADICIONAL E FOLK
Orquestra Infantil Orquestra Orff Conxunto Coral I Conxunto Coral II Conxunto Coral III Banda de Música Magariños Ensamble de Clarinetes Ensamble de Saxofóns Orquestra de Fautas Brass Band Agrupación Percusión Orquestra de Guitarras Música de Cámara	Orquestra Infantil Orquestra Orff Conxunto Coral I Conxunto Coral II Conxunto Coral III Combo Júnior Combo Amateur Big Band	Orquestra Infantil Orquestra Orff Conxunto Coral I Conxunto Coral II Conxunto Coral III Agrupación Folk

As disciplinas que se imparten dende a Escola teñen distinta tipoloxía segundo a súa natureza:

- Troncal. Forman a parte esencial do deseño do Plan de Ensinanzas Musicais.
- Obrigatorias. Son disciplinas que a comisión pedagóxica do centro considera importantes na formación do alumno.
- Optativas. Materias de libre elección polo alumnado. Neste curso, o centro non tería ningunha materia optativa dentro do Plan Educativo de Ensinanzas Musicais.

4. PRINCIPIOS ORIENTADORES DA ACCIÓN EDUCATIVA

Principios Xerais

1. Creación dun lugar de convivencia, respecto, diálogo e colaboración.
2. Implicar ó alumno en problemas sociais da sociedade, medio ambiente, valoración do patrimonio cultural, etc.
3. Crear inquietudes intelectuais do alumno fomentando o desexo polo saber.
4. Aumentar a autoestima dos alumnos por medio do traballo e da propia capacidade do alumno.
5. Reforzar o sentido da responsabilidade do alumno.
6. Liberdade de cátedra e de opinión científica do profesorado.
7. Liberdade de conciencia do alumnado.

Principios pedagóxicos

1. Flexibilizar a metodoloxía de traballo para fomentar a participación do alumnado como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
2. Estimular o coñecemento polas demais expresións artísticas.
3. Desenvolver estratexias e técnicas de aprendizaxe individuais segundo as necesidades do alumno.
4. Educar na sensibilidade estética e creatividade en xeral das artes e en concreto da música.
5. Promover hábitos de traballo tanto individuais coma colectivos.
6. Inculcar a investigación e historia da música coma ferramenta de uso cotiá.

Valores

1. Responsabilidade.
2. Autocrítica.
3. Valoración do traballo en equipo.
4. Desenvolvemento da creatividade.
5. Tolerancia e respecto cos compañeiros e profesores.
6. Respecto polo medio ambiente.

5. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

A autonomía que lle confire ao centro a normativa vixente, outórgalle ó centro liberdade na súa organización xeral. O funcionamento xeral de cada uns dos órganos e colectivos que constitúen comunidade do ESMUMA - Centro de Música, Creatividade e Divulgación-, queda reflectido baixo os seguintes directrices:

Equipo Directivo

Estará formado polas seguintes figuras:

- Director.
- Xefe de Estudos.

Entre as funcións a desempeñar polo equipo directivo se encontran as seguintes:

- Ser o principal impulsor da actividade do ESMUMA - Centro de Música, Creatividade e Divulgación-.

- Traballará por conseguir diálogo con toda a comunidade educativa do ESMUMA - Centro de Música, Creatividade e Divulgación-.
- Creará unha normativa e disposicións necesarias para o bo funcionamento do centro.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Constituído polo Director, o Xefe de Estudos e os correspondentes Xefes dos departamentos didácticos. A comisión será a principal encargada da toma de decisión de índole curricular e pedagóxico. As reunións serán frecuentes e a asistencia ás mesmas serán obrigatorias para tódolos seus membros.

Profesorado

O profesorado está formado por profesores titulados para impartir as materias do ESMUMA - Centro de Música, Creatividade e Divulgación- nas especialidades correspondentes e contará cun total de 10 profesores que impartirán as seguintes materias:

- Profesor/a de Música e Movemento. Materias: Pre-Iniciación Musical, Música e Movemento, Orquestra Infantil, Orquestra Orff, Harmonía Baixo Eléctrico (Itinerario Moderno), Contrabaixo (Itinerario Moderno) e Contrabaixo (Itinerario Clásico).
- Profesor/a de Guitarra. Materias: Guitarra (Itinerario Clásico), Guitarra (Itinerario Moderno) e Orquestra de Guitarras (Itinerario Clásico).
- Profesor/a de Trompeta/Fliscorno. Materias: Linguaxe Musical, Vento-Metal (Itinerario Clásico e Moderno), Banda de Música e Brass Band.
- Profesor/a de Saxofón. Materias: Saxofón (Itinerario Clásico, Moderno e Tradicional e Folk) e Ensamble de Saxofóns (Itinerario Clásico).
- Profesor/a de Piano. Materias: Piano (Itinerario Clásico e Moderno).
- Profesor/a de Clarinete. Materias: Clarinete (Itinerario Clásico), Requinta (Itinerario Tradicional e Folk), Ensamble de Clarinetes (Itinerario Clásico) e Música de Cámara (Itinerario Clásico).
- Profesor/a de Fruta. Materias: Fruta traveseira (Itinerario Clásico), Gaita (Itinerario Tradicional), Combos (Itinerario Moderno), Agrupación Folk (Itinerario Tradicional) e Orquestra de Frutas (Itinerario Clásico).
- Profesor/a de Coro. Materias: Conxunto Coral I, Conxunto Coral II e Conxunto Coral III.
- Profesor/a de Canto. Materias: Canto (Itinerario Clásico, Moderno e Tradicional).
- Profesor/a de Percusión. Materias: Percusión (Itinerario Clásico e Tradicional), Batería (Itinerario Moderno), Agrupación de Percusión (Itinerario Clásico).

O claustro do profesorado servirá de ferramenta pedagóxica que coordinarase e supervisarase tanto nas reunións de profesores dos departamentos didácticos ós que se encontran adscritas as diferentes especialidades e disciplinas.

Departamentos didácticos

A ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación- conta cos seguintes departamentos didácticos:

- Departamento de Música e Movemento.
- Departamento Asignaturas Teóricas.
- Departamento de Corda.
- Departamento de Vento.
- Departamento de Piano.
- Departamento de Canto.
- Departamento de Percusión.
- Departamento de Conxunto Instrumental e Vocal.
- Departamento de Actividades Extraescolares.

Todo o profesores do centro deberán estar adscritos polo menos a un destes departamentos. Os departamentos didácticos se encargarán de coordinar e executar as actividades propias das actividades propias que o integran, de índole académico ou complementario tendo suficiente autonomía.

Persoal de Administración e Servizos

A ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación- contará con persoal de administración e servizos:

- Responsable da limpeza.

É importante facer constar a importancia para o funcionamento do centro a labor que fai este persoal.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para a consecución dos obxectivos educativos do centro e trazados no noso Proxecto Educativo de Centro, e sen dúbida algunha, o desenrolo dunhas adecuadas actividades complementarias ou extraescolares. Todo elo contribuirá a promover e fomentar distintos aspectos na formación integral do alumno máis ala do ámbito académico.

Estas actividades quedarán definidas ó principio do curso 2024/2025 e realizaranse en función dos contidos didácticos de cada materia. Ademais serán planificadas directamente por los departamentos didácticos.

7. RELACIÓNS EXTERNAS E INSTITUCIONAIS

O centro manterá unha relación constante cos servizos educativos e sociais do Concello de Brión. Ademais das distintas áreas do Concello de Brión, a comunicación será importante coas ensinanzas en réxime xeral (infantil, primaria e secundaria) co fin de manter informados a tódolos usuarios desta

formación das actividades do ESMUMA -Centro de Música, Creatividade e Divulgación-.